

Nome _____

Data _____

Mercado solidario

Os compañeiros da clase decidistes organizar un mercado solidario na porta do colexio. Este prestouvos unha mesa onde expoñeredes os produtos. Venderedes artigos reutilizables, como libros de segunda man, roupa usada e xoguetes en bo estado que xa non utilizades. Tamén, pulseiras e colares feitos por vós e biscoitos. O diñeiro que recadedes pensades destinalo a unha ONG.

Repartistes entre vós as diferentes tarefas. Uns encargaranse de recoller os artigos que ides ofrecer no mercado; outros, de comprar o material necesario para que algúns compañeiros fagan as pulseiras e colares; outros deseñarán e repartirán a propaganda anunciando o mercado; unha persoa ocuparase das contas e de controlar o diñeiro recadado; e outras, de atender o público.



1 Carlos, o profesor de educación física, comenta que a vosa proposta é unha empresa en toda regra. Que opinas ti? Responde.

- Cres que a vosa iniciativa se pode considerar unha empresa? Por que?

- De que tipos de recursos dispoñedes para levala a cabo?

- Poderíase dicir que sodes emprendedores? Xustifica a resposta.

2 Elisabeth, a profesora de inglés, axudouvos a deseñar esta publicidade que ides colocar na entrada do colexio, nos corredores e nas tendas do barrio.

- Para que serve esta publicidade?

- Que tipo de publicidade é? Por que?



- Identifica cales son, neste caso, os elementos da publicidade: o emisor, o destinatario, a mensaxe e o medio de difusión.

3 Ti estás encargado de levar as contas do mercado. Na seguinte lista, sinala o que debes considerar como gasto (G) ou como ingreso (I).

- O material comprado para elaborar as pulseiras e os colares.
- O papel e os rotuladores utilizados para realizar a publicidade.
- A mesa alugada para o mercado.
- Un libro vendido.
- Os biscoitos comprados nunha pastelería.

4 Unha parte do diñeiro recadado empregouse en comprar máis cordóns para facer pulseiras e o resto gardáchelo nunha caixa. Explica o que é aforro e o que é investimento e por que.
